

CRITERIOS DE AVALIACIÓN (RELACIONADOS COS RESPECTIVOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS BÁSICAS) E CONCRECIÓN DOS MÍNIMOS EXIXIBLES

AREA	CRITERIOS DE AVAL.	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	C. B.	MÍNIMOS EXISIBLES
PRIMEIR A LINGUA ESTRANXEIRA	B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e moi sinxelos, rimas infantís, adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.	PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.	CCL	Comprende a información esencial das rutinas (saúdo, silencio, distensión, petición de material, petición de ir ao baño, despedida) e das cancións coa axuda de Total Physical Response Technique.(TPR)
PRIMEIR A LINGUA ESTRANXEIRA	B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos ...), sinxelas, así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula.	PLEB1.2. Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares acompañados de imaxes que ilústranos con claridade.	CCL	Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo acompañado de imaxes que os ilustran con claridade. Vocabulario : as cores, os números (1-10), partes do corpo, roupa, xoguetes a familia, os alimentos, os animais de granxa, profesión, acción,
PRIMEIR A LINGUA ESTRANXEIRA	B1.3. Facer hipóteses sobre o posible sentido dun texto apoiándose en elementos paraverbais moi evidentes e en situacións de comunicación moi familiares.	PLEB1.3. Comprende preguntas moi básicas sobre si mesmo/a (nome, idade, gustos...) e a información igualmente básica sobre outras persoas.	CCL, CAA	Comprende preguntas moi básicas sobre si mesmo/a (nome, idade, gustos...)
	B1.4. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos.	PLEB1.4. Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar máis básica (abrir/pechar o libro, sentarse, recoller, ...)	CCL	Sigue instrucións e comprende peticións relativas ás rutinas diarias (Sit down! Stand up! Be quiet, please! Put your hand up, please! Please, open your books

				at page__.Please, close your books. Put away your things, please!
PRIMEIR A LINGUA ESTRANX EIRA	B2.1. Falar de si mesmo/a e de persoas da súa contorna inmediata, de lugares e obxectos achegando información moi fundamental: idade, nome, gustos, usando expresións e frases moi sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos.	PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a (dicir o seu nome, idade, a súa cor favorita, presentar á súa familia, indicar os seus gustos) cunha pronuncia e entoación comprensibles.	CCL, CAA	Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a (I'm .../ I'm 6 years / My favourite colour is.../ I like ...)) cunha pronuncia e entoación comprensibles.
PRIMEIR A LINGUA ESTRANX EIRA	B2.2. Participar de maneira simple e comprensible en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa moi clara e poida provocar malos entendidos.	PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas moi sinxelas e elementais (nome, idade, cor favoritas ou gustos).	CCL, CAA	Sabe responder a preguntas sinxelas (What's your name? I'm .../ How old are you? I'm...years old /What's your favourite colour/ food/cloth...? My favourite colour/food/cloth...is ...)
PRIMEIR A LINGUA ESTRANX EIRA	B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos.	PLEB2.3. Mostra unha atitude de escoita atenta	CCL, CAA	Amosa interés por aprender unha lingua estranxeira
PRIMEIR A LINGUA ESTRANX EIRA		PLEB2.4.Reproduce comprensiblemente textos orais moi sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.	CCL	Reproduce comprensiblemente textos orais moi sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de Total Physical Response Tecnique.
PRIMEIR A LINGUA	B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos moi	PLEB3.1. Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados.	CCL	Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados.

ESTRANX EIRA	breves, sinxelos e moi elementais, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, e conteñan apoio visual moi redundante en soporte papel ou dixital.			
PRIMEIR A LINGUA ESTRANX EIRA	B3.2. Utilizar as estratexias básicas de hipótese para a comprensión do sentido xeral e a identificación da información esencial do texto.	PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia moi elemental acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais.	CCL	Comprende a idea principal dunha historia moi elemental acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais.
PRIMEIR A LINGUA ESTRANX EIRA	B3.3. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas elementais relacionados coas convencións ortográficas máis básicas que expresan pausas e exclamacións.	PLEB3.3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do título do mesmo e das imaxes que o ilustran.	CCL, CAA	Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do título do mesmo e das imaxes que o ilustran.
PRIMEIR A LINGUA ESTRANX EIRA	B3.4. Ler en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados oralmente, amosando unha entoación e pronuncia adecuadas.	PLEB3.4. Le en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles e, se cumprise, rectificando espontaneamente	CCL, CAA	Le en voz frases traballadas previamente de forma oral con axuda da mestra.
PRIMEIR A LINGUA ESTRANX EIRA	B4.1. Escribir textos moi curtos e sinxelos, seguindo modelos, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas máis elementais e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.	PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá.	CCL	non

PRIMEIR A LINGUA ESTRANX EIRA	B4.2. Utilizar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos moi sinxelos e elementais.	PLEB4.2. Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis sinxela.	CCL	non
PRIMEIR A LINGUA ESTRANX EIRA	B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras e frases curtas que utiliza normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.	PLEB4.3. Escribe vocabulario e frases moi sinxelas, lexibles, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.	CCL	Copia frases moi sinxelas con léxico relacionado cos temas traballados na aula.: as cores, os números (1-10), partes do corpo, roupa, xoguetes a familia, os alimentos, os animais de granxa, profesións, accións,
PRIMEIR A LINGUA ESTRANX EIRA		PLEB4.4. Revisa o texto antes de facer a súa versión definitiva, elaborando borradores nos que se observa a reparación da ortografía e doutros aspectos relacionados coa secuencia adecuada das frases e mesmo a pertinencia das ilustracións, se é o caso.	CCL, CAA	non
PRIMEIR A LINGUA ESTRANX EIRA	B5.1. o seu uso comunicativo.	PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas ...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.	CSC	Dase conta dalgúns aspectos básicos do Reino Unido entre eles: - o respecto do alumnado ás normas de aula -o establecemento de comparacións nas celebracións de "Christmas" e "Easter" no Reino Unido e en Galicia.
PRIMEIR A LINGUA ESTRANX EIRA	B5.2. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente.	PLEB5.2. Recoñece e utiliza fórmulas básicas de relación social.	CCL, CSC	Recoñece e utiliza fórmulas básicas de relación social (Hello/hi, good morning, sorry, excuse me, bye)
PRIMEIR A LINGUA	B5.3. Obter e dar información básica persoal, sobre a súa	PLEB5.3. Participa voluntariamente nas actividades de aula e amosa curiosidade pola	CCL, CSIEE	Participa voluntariamente nas actividades de aula.

ESTRANX EIRA	contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula.	lingua e por coñecer aspectos socioculturais dos países onde se fala.		
PRIMEIR A LINGUA ESTRANX EIRA	B5.4. Expresar nocións moi básicas e elementais relativas a tamaño, cantidade, posesión, número calidades físicas, forma e cor.	PLEB5.4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me).	CCL, CSC	Diferenza saúdos de despedidas e o uso fórmulas de cortesía (Please, thank you, sorry, excuse me).
PRIMEIR A LINGUA ESTRANX EIRA	B5.5. Expresar e identificar estados de ánimo básicos	PLEB5.5. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre aspectos persoais moi básicos nome, idade e gustos) e da súa contorna (obxectos, espazos e seres vivos).	CCL	<p>Pregunta e responde de xeito comprensible:</p> <p>What's the weather like? It's _____.</p> <p>What's your name? I'm __. How are you today? I'm fine, thank you. What number is it? It's __</p> <p>What colour is it? It's ____.</p> <p>What's your favourite colour? It's (red, white, pink, green, orange, black, blue, brown, yellow, grey, purple).</p> <p>What number is it? It's (1-10).</p> <p>Are you happy/sad? Yes, I am./ No, I'm not.</p> <p>Please, can I have a....? Yes, here you are! Thank you!/ No, you can't. Sorry!</p> <p>Can I go to the bathroom, please? Yes, you can. /No, you can't.</p> <p>It's a (school thing//food/animals/transport /toys).</p> <p>Who's this? It's (It's my grandpa, grandma, mummy, daddy, brother, sister)</p>

				<p>“Have you got ..(number +colour+ school thing)? Yes, I have./No, I haven't.</p> <p>Do you like the story? Yes, I do./No, I don't.</p> <p>What's this? It's a big/small+ colour+ vocabulary item.</p> <p>Do you like apples(food)? Yes, I do./No, I don't</p> <p>I can see (number)+ (classmates).</p>
PRIMEIR A LINGUA ESTRANX EIRA	B5.6. Comprender e expresar o permiso, o acordo.	PLEB5.6. Expresa e identifica estados de ánimo básicos (happy, sad...)	CCL	Expresa e identifica estados de ánimo básicos (happy, sad...)
PRIMEIR A LINGUA ESTRANX EIRA	B5.7. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.	PLEB5.7. Expresa e identifica o permiso e a prohibición (you can/can't) o acordo (That's right).	CCL	Expresa e identifica o permiso e a prohibición (you can/can't) o acordo (That's right).
PRIMEIR A LINGUA ESTRANX EIRA	B5.8. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.	PLEB5.8. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos.	CCL	NON
PRIMEIR A LINGUA ESTRANX EIRA	B5.9. Utilizar estruturas sintácticas básicas (p. ex. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores elementais como e, ou).	PLEB5.9. Diferenza preguntas e respostas moi simples.	CCL	Diferenza preguntas e respostas moi simples.
PRIMEIR A LINGUA ESTRANX EIRA	B5.10. Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases	PLEB5.10. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula.	CCL	Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula.

	dentro dun repertorio memorizado.			
PRIMEIR A LINGUA ESTRANX EIRA	B5.11. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos. .	PLEB5.11. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados, etc.	CCL, CSC	Participa na elaboración de proxectos en pequeno grupo
PRIMEIR A LINGUA ESTRANX EIRA	B5.12. Recoñecer e utilizar un repertorio limitado e moi elemental de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais, moi familiares e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses.	PLEB5.12. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente.	CCL, CSC	Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico traballado de forma oral

ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE ASOCIADAS A CADA BLOQUE DE CONTIDOS

ÁREA	BLOQUE	OBX	CONTIDOS	ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS	b, f	B1.1. Estratexias de comprensión: - Iniciación, mediante xogos e adiviñas, á formulación de hipóteses sobre o que se vai escoitar en función dos interlocutores que participan na interacción e do contexto, en situacións de comunicación de carácter infantil, moi sinxelas, familiares e habituais, e do seu interese. - Identificación do tema de textos moi sinxelos, adaptados á súa idade e aos seus intereses (contos, rimas infantís, cancións). - Asociación de palabras e expresións moi básicas e moi sinxelas con elementos paraverbais. - Asociación de palabras e	Escoita de rutinas de entrada e de peche: What day is it today? It's (day of the week).What's the weather like today?.It's (weather) What season are we in? We're in (autumn/winter/spring/summer). Good morning/Good afternoon. Hello. Goodbye. See you soon. E cancións de entrada e saída. (Todo o curso) Escoita de rutinas de distensión de revisión de vocabulario básico: What's your favourite colour? Touch something green, and so on.(Total Physical Response Tehcnique).(Ao longo do curso) Escoita de rutinas de convivencia: Holly Molly...Guacamoly! Stand up. Sit down. Please, switch off /on the lights. Be quiet, please. Your worksheets go in your English folder. Put away your things, please. Tidy up, please. Give out the books, please. Collect the

		<p>frases moi sinxelas a través da linguaxe non verbal ou co apoio de ilustracións en soporte papel ou dixital. - Seguimento non verbal de instrucións moi sinxelas. - Repetición, memorización e observación de modelos, para a adquisición de léxico e estruturas elementais da lingua estranxeira.</p> <p>B1.2. Patróns sonoros, rítmicos e de entoación moi básicos: iniciación a algúns aspectos fonéticos, do ritmo e do ton da lingua estranxeira.</p>	<p>books, please. Be nice, please. Please, ask: Can I go to the bathroom, please? Knock on the door, please. Can I come in, please?. Please, respect to others if not you'll get a lack of behaviour. Please, bring your English stuff. Please, pay attention (Todo o curso)</p> <p>Comprensión das instrucións da mestra usando xestos ou ilustracións: Listen and match, listen and repeat, listen and sing, listen and do, listen and look, listen and complete, listen and order, etc... (Todo o curso)</p> <p>Escoita, repetición, comprensión e memorización de diversas cancións utilizando a Total Physical Response Technique (ao longo do curso)</p> <p>Realización de actividades de escoita coas seguintes estruturas(ao longo do curso) :</p> <p>How are you? I'm fine, thank you. How old are you? I'm__ years old. What number is it? It's (1-10). What colour is it? It's (red, white, pink, green, orange, black, blue, brown, yellow, grey, purple). Are you happy/sad)? Yes, I am. No, I'm not. What's this? It's ... Please, can I have a...(school thing)? Yes, here you are, thank you./No, you can't, sorry. What's your favourite school thing? It's a/an ... Have you got ..(number +colour+ school thing)? Yes, I have./No, I haven't. I've got+ number +colour+school thing". "Who's this? It's my grandpa, grandma, mummy, daddy, brother, sister, baby, family". It's a (big/small)+ (colour)+ (Christmas vocabulary: present/reindeer/Santa Claus,star,tree, stocking,sleigh). Is it a? Yes, it is. No, it isn't.</p>
--	--	--	--

				<p>We wish you a Merry Christmas and a Happy New Year. What's this? It's a (toys, transports, animals, fruit, animals) Have you got ... (number+body part)? Yes, I have. No, I haven't. What's this? It's a/an apple, banana, strawberry, carrots, cake, tomato, orange juice Do you like (fruit)? Yes, I do. No, I don't. I like (fruit).</p> <p>I've got+ number+(big/small)+ Easter vocabulary(Easter Bunny, egg, chick, basket)(.What this? It's a (big/small)+ (colour)+ (Easter vocabulary). Is it a? Yes, it is. No, it isn't. Happy Easter. Chick bring a little egg for me. What's this? It's a/an (colour+animal: rabbit,peacock, cat, dog,snail,duck,tortoise,owl, crab,squirrel,parrot). Where is the ___? It's on/in/under ... Has the (colour)+(animal) got (fur/shell/feathers)? Yes, it has. No, it hasn't. Can you (activity)? Yes, I can./No, I can't. Is (this activity) relaxing or exercise? It's...</p> <p>Actividades de escoita, repetición e identificación de vocabulario co uso de ilustracións (flashcards and word cards), mímica e/o vídeos (durante todo o curso): -Vocabulario relativo ao tempo atmosférico, animais de granxa, partes do corpo, xoguetes, comida, familia, accións roupa e profesións días da semana, cores e números (1_10) r -Vocabulario de Christmas: Christmas, Happy Christmas, Santa Claus, reindeer, present, star, tree,</p>
--	--	--	--	---

				<p>stocking, sleigh.</p> <p>-Vocabulario de Easter: Easter, Happy Easter, Easter bunny</p> <p>-Vocabulario CLIL: Stand up. Sit down. Please, switch off /on the lights. Please,your worksheets go in your English folder. Put away your things, please. Tidy up, please. Give out the books, please. Collect the books, please. Be nice, please. Please, ask: Can I go to the bathroom, please? Knock on the door, please. Can I come in, please?. Please, respect to others . Please, pay attention. (Todo o curso)</p> <p>Actividades que implican o seguimento de instruccións para a elaboración de recortables. (Puntualmente)</p> <p>Actividades de escoita e comprensión dos contos co uso do vídeo ou ilustracións. (Puntualmente)</p> <p>Actividades de predición do contido dos contos coa axuda de ilustracións ou imaxes do método (Ao longo do curso)</p> <p>Actividades de visionado de vídeos para a comprensión do números e as cores. (Todo o curso)</p> <p>Escoita e participación en xogos lingüísticos (ao longo do curso):</p> <p>Card games (Hot or cold, snap, flash the card, find the match, guess the picture, what's this, disappearing words, word whispers and word race). Mime and guess.. I spy with my little eye. Hand clapping rhymes.</p>
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS	b, c, i	<p>B2.1. Estratexias de produción: - Planificación: - Concibir a mensaxe con claridade e practicalo varias veces. - Execución: - Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos. - Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos paralingüísticos. - Usar a linguaxe non-</p>	<p>Práctica e produción de rutinas de entrada e de peche (todo o curso) : What day is it today? It's (day of the week).What's the weather like today?.It's (weather) What season are we in? We're in (autumn/winter/spring/summer). Good morning, Hello. Goodbye. See you soon. E cancións de entrada e saída. (Todo o curso)</p>

		<p>verbal que corresponda á situación comunicativa (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal). - Participar activamente en rutinas de clase, representacións, cancións, dramatización etc, empregando respostas verbais e non verbais (movemento, accións, debuxos, modelado ou mímica). - Repetir e reproducir en grupo textos orais sinxelos seguindo patróns orais. - Imitar situacións de comunicación sinxelas a través de dramatizacións, de xogos, de rutinas etc. - Empregar a lingua estranxeira en situacións variadas de comunicación (saúdo, despedida, presentacións, felicitación ás persoas da aula nos seus aniversarios, estados de ánimo...).</p> <p>B2.2. Patróns sonoros, rítmicos e de entoación moi básicos: iniciación a algúns aspectos fonéticos, do ritmo e do ton da lingua estranxeira.</p>	<p>Práctica e repetición das rutinas de convivencia (ao longo do curso): Holly Molly..Guacamoli! Stand up. Sit down. Put your hand up. Be quiet, please. Please, switch off the lights. Please, switch on the lights. Your worksheets go in your English folder. Put away your things, please. Tidy up, please. Give out the books, please. Collect the books, please. Be nice, please. Please, ask: Can I go to the toilet, please? Knock on the door, please. Can I come in, please?. Please, respect to others . Please, bring your English stuff.(Todo o curso)</p> <p>Reproducción da canción Happy Birthday aos compañeiros/as da clase nos seus aniversarios. (Ao longo do curso)</p> <p>Producción dos nomes e das idades dos protagonistas dos libros de texto. (Inicio de curso e sempre que sexa necesario ao longo do curso)</p> <p>Formulación de hipóteses por parte do alumnado (remuíño de ideas) do que lle aportan determinadas imaxes sobre os diferentes centros de interese(school things, family, transports,toys, fruits , clothes, animals). (Ao longo de todo o curso)</p> <p>Repetición de instrucións a un/ha compañeiro/a coa axuda da mestra (ao longo do curso).</p> <p>Actividades de escoita de conversas e cancións e produción e repetición das mesmas: listen and repeat, listen and sing, listen and do. (Todo o curso)</p> <p>Repetición e produción oral das cancións reflectidas no bloque 1 utilizando Total Physical Response Tecnique. (Ao longo de todo o curso)</p> <p>Realización de actividades de produción oral coas estruturas indicadas no bloque 1, con e sen apoio</p>
--	--	---	---

				<p>de elementos paraverbais. (Ao longo do curso): Actividades de repetición e produción do vocabulario, reflectido no bloque 1, co uso de ilustracións (flashcards and word cards), mímica e vídeos sen sonido (ao longo do curso)</p> <p>Actividades de dramatización de pequenos fragmentos dos contos, compensando as carencias lingüísticas con elementos paraverbais. (Puntualmente)</p> <p>Realización de actividades de repetición de vocabulario vinculado á cultura e tradicións do Reino Unido, na sección CLIL do libro de texto ou en vídeos.(Puntualmente)</p> <p>Escoita e participación en xogos lingüísticos(Ao longo do curso): Card games (Hot or cold, snap, flash the card, find the match, guess the picture, what's this, disappearing words, word whispers and word race, How many fingers game?). Mime and guess.. I spy with my little eye. Hand clapping rhymes.</p> <p>Actividades de iniciación á produción dalgúns aspectos fonéticos, do ritmo e do ton da lingua estranxeira. cancións, raps, hand clapping rhymes and riddles (Ao longo do curso)</p>
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	b, f	B3.1. Estratexias de comprensión: - Actualización moi guiada dos coñecementos previos sobre o tipo de texto que se vai ler (por ex. como acostuman ser os e as personaxes dos contos, como remata a historia, onde sucede a trama...). - Identificación da	Actividades de lectura de diferentes textos identificando diferentes textos (ao longo do curso): textos instrutivos (títulos das actividades propostas no libro de texto), dialogado (contos, conversas), textos poéticos (cancións, riddles, hand clapping rhymes).

			<p>idea global de textos moi sinxelos, elementais e moi familiares (contos, cancións ou rimas...), e encadrados por imaxes redundantes e títulos moi evidentes do contido textual. - Identificación de palabras clave moi evidentes, concretas, sinxelas e familiares relacionadas cos e coas personaxes a través da linguaxe non verbal ou co apoio de ilustracións.</p> <p>B3.2. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación moi elementais: - Iniciación ao proceso de asociación global de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos que representan expresións orais coñecidas.</p>	<p>Actividades previas á lectura (puntualmente). Activar o coñecemento previo sobre o que se vai ler.</p> <p>Actividades durante á lectura. (puntualmente) realización de preguntas do que se está a contar para manter a atención. Realización de xestos e Total Physical Response Tecniqe para que o alumnado participe ante a aparición de determinadas accións.</p> <p>Actividades para despois da lectura: Actividades de skimming (puntualmente): Captación da idea global sobre o texto. Elaboración dun debuxo que expoña o que se contou.</p> <p>Actividades de scanning (puntualmente): Secuenciación de imaxes por orden de aparición utilizando o ordenador ou o libro de texto.</p> <p>Actividades de pronunciación e entoación empregando os fondos informáticos e audiovisuais. (Ao longo do curso)</p> <p>Actividades de lectura e comprensión dos títulos das actividades propostas, coa axuda da lectura en voz alta por parte dun lector experto e a súa identificación mediante iconos ou tradución simultánea dalgunhas palabras ao galego. (Ao longo do curso)</p>
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	b, f	<p>B4.1. Estratexias de produción: - Planificación: - Seleccionar o tipo de texto que se vai producir: conto, notas, diálogo teatral. - Execución: - Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos. - Compensar as carencias léxicas mediante o uso do dicionario visual do alumnado e programas</p>	<p>Realización de actividades: asociación de palabra e imaxe sobre as cores, os números (1 ao 10), a familia, as partes do corpo, os alimentos, os animais, as profesión, a roupa, as accións/actividades e outros posibles centros de interese. (Ao longo do curso)</p> <p>Realización de tarxetas de felicitación (intercambio entre iguais) de Christmas e Easter.</p>

			<p>informáticos. - Seleccionar e empregar o léxico adecuado ao tema. - Iniciar no emprego de programas informáticos para reproducir mensaxes escritas moi sinxelos.</p> <p>B4.2. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación moi elementais: - Uso dos signos de puntuación máis básicos. - Iniciación ao proceso de asociación global de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos que representan expresións orais coñecidas.</p>	<p>Dándose conta do tipo de texto que se vai realizar: epistolar. Copiar o modelo: Happy Christmas/ Easter from ___ to ___.) (Puntualmente)</p> <p>Realización de frases seguindo un modelo.</p> <p>Utilizando signos de puntuación básicos: o punto e aparte. Sobre os centros de interese as cores, os números (1 ao 10), as cousas da escola, a familia, as profesión a roupa, as froitas, os animais.(Ao longo do curso)</p> <p>Actividades interactivas utilizando programas informáticos (ao longo do curso):uso da PDI e material do método.</p>
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL	b, f	<p>B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: - Interese e curiosidade por aprender unha lingua estranxeira. - Recoñecemento e uso das fórmulas básicas da relación social e cortesía. - Interese polo traballo individual, en parellas ou grupos.</p> <p>B5.2. Funcións comunicativas: - Establecemento de relacións sociais: saudar, despedirse, agradecer, dirixirse aos demais. - Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre aspectos persoais (nome, idade e gustos). - Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre obxectos próximos á contorna escolar, os días da semana e o tempo atmosférico). - Formulación de preguntas e respostas sobre obxectos e espazos próximos á contorna escolar. - Expresión moi elemental da posesión. - Expresión do gusto e a preferencia (favoritos). - Expresión de cantidade. -</p>	<p>Celebración de dúas festas tradicionais do Reino Unido Christmas e Easter. Busca de obxectos das festividades obxecto de estudo. (Puntualmente)</p> <p>Uso de fórmulas de relación social e cortesía utilizando as rutinas de entrada, saída, de convivencia descritas nas actividades dos bloques de contido 1 e 2. (Todo o curso)</p> <p>Traballos en parellas (ao longo do curso): card games, pequenos diálogos en parellas.(respetando protocolo COVID)</p> <p>Traballos grupais (ao longo do curso): Whisperings, actividades de expresión de opinión en movemento, dramatizacións de pequenos diálogos. (respetando protodolo COVID)</p> <p>Práctica de preguntas e respostas sinxelas sobre aspectos persoais (ao longo do curso) : What's your name? I'm ___. How old are you? I'm ___. How are you today? I'm fine, thanks. Are you happy? Yes, I am. Are you sad? No, I'm not. Do you like (fish)? Yes, I do./No, I don't.</p> <p>Práctica de realización de preguntas e respostas</p>

		<p>Expresión de estado de ánimo. - Expresión de habilidade e capacidade para realizar unha acción.</p> <p>B5.3. Estructuras sintáctico-discursivas: - Preguntas e respostas sobre aspectos persoais como nome, idade, cor favorita ou estado (What's your name?, My name is/ I'm, How old are you?, What's your favourite colour? My favourite colour is, Are you happy/sad?, Yes, I am/No, I'm not). - Preguntas e respostas sobre os días da semana e o tempo atmosférico (What day is it today?, It's, What's the weather like today?, It's___. Preguntas e respostas sobre obxectos próximos á contorna escolar (What's this?, It's my...). etc. Expresión de posesión en primeira persoa (I've got) e formulación da pregunta correspondente (Have you got...?). Expresión do gusto en primeira persoa en afirmativa (I like). Expresión de cantidade: contar ata 10. Preguntas e respostas sobre as partes básicas do corpo e de elementos próximos a súa contorna (What's this?, It's...), membros da familia (Who's this?, This is my (brother), froitas (What's this ?, This is). Expresión de permiso e axuda (Can I...?). - Expresión de habilidade (I can...).</p> <p>B5.4. Léxico oral de alta frecuencia (recepción e produción) relativo cores,</p>	<p>sinxelas sobre obxectos próximos á contorna escolar, os días da semana e o tempo atmosférico. What's this? It's a (school thing). (ao longo do curso) Can I have a (school thing), please? Yes, here you are. No, thank you, sorry. (todo o curso) What day is it today? It's (day of the week).What's the weather like today? It's ____. Do you like (fish) and (chips)? Yes, I do./No, I don't.</p> <p>Práctica da expresión de posesión en primeira persoa: I've got (number)+ (vocabulary items). Práctica da expresión do estado de ánimo: I'm fine thanks. Práctica da habilidade para realizar unha acción:I can (play football) is good exercise. I can (read a book) is relaxing. Práctica de preguntas e respostas sobre aspectos persoais como nome, idade, cor favorita ou estado de ánimo. (What's your name?, My name is/ I'm, How old are you?, What's your favourite colour? My favourite colour is____, Are you happy/sad?, Yes, I am/No, I'm not) Práctica de preguntas e respostas sobre os días da semana e o tempo atmosférico: What day is it today?, It's, What's the weather like today?, It's____. Práctica de preguntas e respostas sobre obxectos próximos á contorna: What's this? It's my (school bag/ruler/rubber...) It's my (ball, scooter,shake,...). Práctica de preguntas e respostas: Have you got (number)+ (body parts)? Yes, I have./No, I haven't. Have you got a (pencil, rubber, crayon...)? Yes, I have. /No, I haven't. Práctica da expresión do gusto en primeira persoa: I like (olives,apples, bananas). I like (skip, run, dance, jump...) Visionado dun DVD para aprender a contar ata</p>
--	--	--	--

		<p>números, materiais e espazos escolares, membros da familia mais próxima, froitas, xoguetes,, animais , transportes, estado de ánimo, tempo atmosférico, días da semana e accións.</p>	<p>10.Práctica de conteo de obxectos ata unha cantidade máxima de 10 Práctica de preguntas e respostas sobre os transportes : What's this? It's a helicopter,plane,motorbike,... Práctica de preguntas e respostas sobre a súa contorna: What's this...? It's my ruler. Práctica de preguntas e respostas sobre os membros da familia: Who's this? It's my (brother/sister/mummy/daddy...). Práctica de preguntas e respostas sobre alimentos: What's this? This is (a banana, an apple...) Práctica de expresión de permiso e axuda: Can I go to the bathroom, please? Yes, you can. No, you can't sorry. Can you help me, please? Yes, you can. No, you can't, sorry. Produción de léxico de alta frecuencia {cores, números, e espazos escolares, membros da familia, transportes, xoguetes, animais de compañía, estado de ánimo, tempo atmosférico, días da semana e accións} mediante xogos ou utilizando a Total Physical Response Tecnique.</p>
--	--	--	---

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE

ÁREA	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN (INCLUÍNDO O CRITERIO DE CORRECCIÓN, SI É O CASO)
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.	Observación directa: rexistro sistemático. Práctica TIC.
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB1.2. Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares acompañados de imaxes que os ilustran con claridade.	Observación directa: rexistro sistemático. Práctica TIC.

PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB1.3. Comprende preguntas moi básicas sobre si mesmo/a (nome, idade, gustos...) e a información igualmente básica sobre outras persoas.	Observación directa: rexistro sistemático.
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB1.4. Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar máis básica (abrir/pechar o libro, sentar, dar un lapis...).	Observación directa
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a (dicir o seu nome, idade, a súa cor favorita, presentar á súa familia, indicar os seus gustos) cunha pronuncia e entoación comprensibles.	Observación directa
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas moi sinxelas e elementais (nome, idade, cor favoritas ou gustos).	Observación directa
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta.	Observación directa
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais moi sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.	Observación directa
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB3.1. Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados.	Observación directa. Diario de aula. Práctica TIC

PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia moi elemental acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais.	Observación directa. Práctica TIC.
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB3.3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do título do mesmo e das imaxes que o ilustran.	Observación directa
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB3.4. Le en voz alta frases moi breves, moi elementais e previamente traballadas de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles e, se cumprise, rectificando espontaneamente.	Observación directa
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá.	Observación directa
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB4.2. Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis sinxela.	Observación directa. Diario de aula
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas, lexibles, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.	Observación directa. Diario de aula
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB4.4. Revisa o texto antes de facer a súa versión definitiva, elaborando borradores nos que se observa a reparación da ortografía e doutros aspectos relacionados coa secuencia adecuada das frases e mesmo a pertinencia das ilustracións, se é o caso.	Observación directa

PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas ...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.	Observación directa
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.2. Recoñece e utiliza fórmulas básicas de relación social.	Observación directa
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.3. Participa voluntariamente nas actividades de aula e amosa curiosidade pola lingua e por coñecer aspectos socioculturais dos países onde se fala.	Observación directa
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me)	Observación directa
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.5. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre aspectos persoais moi básicos (nome, idade e gustos) e da súa contorna (obxectos, espazos e seres vivos).	Observación directa
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.6. Expresa e identifica estados de ánimo básicos (happy, sad...)	Observación directa
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.7. Expresa e identifica o permiso e a prohibición (you can/can't) o acordo (That's right).	Observación directa. Diario de aula

PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.8. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos.	Observación directa. Diario de aula
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.9. Diferenza preguntas e respostas moi simples.	Observación directa. Diario de aula
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.12. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente.	Observación directa

METODOLOXÍA PARA A ENSINANZA DA LINGUA ESTRANXEIRA :INGLÉS

O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos; centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ao alumnado. O alumno pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ao que aprende.

A aprendizaxe a nivel de competencias persegue o desenvolvemento de cada alumno, das súas capacidades, preparar o alumnado para que poida afrontar os retos persoais. Non só terán que adquirir uns coñecementos, senón que deberán ser capaces de acceder a eles e aplicalos nos diferentes contextos da súa vida e contextualizalos. As distintas actividades que se propoñen na aula están encamiñadas a lograr que o alumno adquira ferramentas que o fagan ser cada vez máis autónomo, por exemplo a través da avaliación persoal do seu propio traballo ou do uso de elementos extralingüísticos para tratar de acceder ao significado dos contidos que non lle son familiares.

As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe; por iso é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e mesmo os efectos sonoros das gravacións. To do isto axuda a que o alumnado se sinta relaxado e adopte unha actitude positiva e atenta ante os contidos presentados.

Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes; por iso o noso proxecto está deseñado para ser utilizado con flexibilidade de modo que todos os integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros, e do progreso que logran día a día. Para emendar estas posibles situacións inclúense

actividades tanto de ampliación, para os máis avanzados, como de reforzo, para os que poidan estancarse nalgún momento.

A aprendizaxe dos nenos é maior e de máis calidade se se basea na actividade participativa, o que se consegue a través dos exercicios que propón a profesora que carácter activo e reflexivo promovendo e potenciando estratexias de comunicación e aprendizaxe.

Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe. O erro acontece como unha evidencia do dinamismo subxacente da comprensión e do dominio progresivo do novo sistema comunicativo. É necesario e a súa corrección de maneira axeitada e que axude a reflexionar non so a quen comete o erro, se non a todo o grupo, axudará ao alumnado a darse conta de cómo funciona a lingua.

Respetarase o “Silent Period”, intentando que o/a alumno/a colla confianza en sí mesmo/a e interactúe a nivel oral.

A avaliación do proceso individual e grupal dos alumnos na aprendizaxe é un factor importante para asegurar a calidade da aprendizaxe; mediante tests e worksheets que permite ao profesor anotar as observacións referentes ao progreso de cada alumno/a

A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos por iso se tende a ofrecer actividades interrelacionadas coas outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento do mesmo neno e a continuación coa exploración do mundo que os rodea; a súa casa, o seu colexio, o seu medio e a súa sociedade en xeral. Este desenvolvemento reflíctese nos temas de cada unidade, que se relacionan coas demais áreas do Currículo: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Educación Artística, Matemáticas, Educación Física, etc.

Faremos uso do programa Kahoot como recurso incentivador para reforzar os contidos

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN NA LINGUA ESTRANXEIRA : INGLÉS

O proceso avaliativo lévase a cabo en todos os niveis. Os instrumentos axéitanse aos estándares de aprendizaxe a aos mínimos establecidos para cada curso. Nos cuadros anteriormente presentados xa están establecidos os conceptos en canto aos criterios de avaliación. Mediante estes instrumentos debemos decidir se cada alumno acadará a pontualidade que se espera del dentro desta área en todos os niveis: oral, escrito e atitudinal. A avaliación así plantexada cumpre unha función formativa, indicando ao mestre se todo marcha ben, ou se polo contrario debe aplicar mecanismos correctores para as insuficiencias dos/as alumnos/as, ou para a súa propia metodoloxía. Comeza no principio do proceso de aprendizaxe e remata no momento da avaliación final ou sumativa, na que se valoran os resultados conquistados polo/a alumno/a en relación coas capacidades indicadas nos obxectivos xerais.

Parte da avaliación ten tamén en conta actitudes e valores cara a lingua estranxeira e tamén entre os propios alumnos e a mestra, formando así unha valoración global do alumno.

Dado que os instrumentos de avaliación, deben ser variados, e achegar información o máis concreta e completa posible, na área de Lingua inglesa empregamos os seguintes procedementos e instrumentos:

-Técnicas de observación sistemática do alumno/a: asistencia diaria, participación na clase, realización das tarefas indicadas, comportamento, coidado dos materiais propios e da aula, interese, destrezas e habilidades que amosa...

-Probas obxectivas (teóricas e prácticas) relativas aos contidos traballados na clase, para observar cal é o grao de coñecementos que acadou o alumno/a. Estas probas valoraranse coas actividades de *listening, reading, speaking e writing*, revisión de cadernos, traballos en equipo, comportamento e autoavaliación.

Todos estes procedementos e probas nos proporcionan a información que teremos en conta para avaliar a consecución dos mínimos esixibles por parte de cada alumno, sempre adaptándonos a cada un e tendo feito o necesario para resolver posibles desfases na consecución dos mínimos.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A programación didáctica de lingua inglesa está dividida en unidades didácticas que se desenvolven seguindo o libro de texto e as achegas consideradas necesarias a través de fichas de traballo e proxectos.

CRITERIOS	DESCRICIÓN	PORCENTAXE	
Autoavaliación	Sabe valorarse ante o traballo realizado nas probas obxectivas.	5%	100%
Exame	"Listening and speaking". (Escoitar e falar) "Reading and writing". (Lectura e escritura)	60%	
Observación directa	Valoración do traballo e esforzo diario así como da participación na aula como elemento dinamizador da mesma coas achegas pertinentes.	5%	
Projects	Elabora coa información pertinente proxectos íntegros en lingua inglesa con presentación coidada e emprego axeitado do aprendido.	15%	

Convivencia	Respecta as normas básicas de convivencia para o desenvolvemento da clase, trae o material e tarefas solicitadas.	15%	
-------------	---	-----	--

En función deste criterios estableceremos a cualificación de cada alumno/a, que tal e como se establece na Orde será: **IN, SU, BE, NT, SB.**

CRITERIOS DE AVALIACIÓN (RELACIONADOS COS RESPECTIVOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS BÁSICAS) E CONCRECIÓN DOS MÍNIMOS EXIXIBLES

AREA	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	C.CLAVE	MÍNIMOS ESIXIBLES
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e moi sinxelos, rimas infantís, adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.	PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión	CCL	É quen de entender o sentido xeral do conto, rima, canción traballados na aula.
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos ...), sinxelas, así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula.	PLEB1.2. Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares acompañados de imaxes que os ilustran con claridade.	CCL	
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	B1.3. Facer hipótesis sobre o posible sentido dun texto apoiándose en elementos paraverbais evidentes e en situacións de comunicación familiares.	PLEB1.3. Comprende preguntas moi básicas sobre si mesmo/a (nome, idade, gustos...) e a información igualmente básica sobre outras persoas.	CCL CAA	
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	B1.4. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos.	PLEB1.4. Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar máis básica (abrir/pechar o libro, sentar, dar un lapis...).	CCL	Comprende as instrucións básicas de moito uso sobre cousa cotidianas do día a día
PRIMEIRA	B2.1. Falar de si mesmo/a e de	PLEB2.1. Fai presentacións moi	CCL	

LINGUA ESTRANXEIRA	persoas da súa contorna inmediata, de lugares e obxectos achegando información moi fundamental: idade, nome, gustos, usando expresións e frases moi sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos	breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a (dicir o seu nome, idade, a súa cor favorita, presentar á súa familia, indicar os seus gustos) cunha pronuncia e entoación comprensibles		
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	B2.2. Participar de maneira simple e comprensible en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa moi clara e poida provocar malos entendidos.,	PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas moi sinxelas e elementais (nome, idade, cor favoritas ou gustos).	CCL	É quen de preguntar e responder, con frases curtas e sinxelas sobre a súa idade, o seu nome, a súa cor favorita e sobre algo que lle guste)
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos.	PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta.	CCL CSC	Escoita atenta
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos.	PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais moi sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.	CCL CSC	Intenta reproducir textos orais moi sinxelos
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos.	PLEB2.5. Amosa unha atitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira	CCL CSC	Atitude atenta cara a aprendizaxe da lingua
		<p>sinxelas sobre a localización de obxectos etc. - Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre o prezo. - Formulación de preguntas e respostas sinxelas en relación á cantidade. - Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os gustos e preferencias. - Realización de preguntas e respostas sobre a habilidade. - Expresión de habilidades e capacidades en afirmativo e negativo. - Formulación de preguntas e respostas sobre a vestimenta. - Descrición de persoas, plantas e animais. - Expresión de desexos. - Formulación de preguntas sobre o desexo. - Expresión de instrucións. - Preguntas e respostas sobre petición e ofrecemento de axuda (Can I have (pasta), please?).</p> <p>B5.3. Estruturas sintáctico-discursivas: - Preguntas e respostas sobre aspectos persoais como nome, idade, estado de ánimo, comida favorita... (What's your name?, My name is, How old are you?, I'm, I'm (bored), What's your favourite food?, My favourite food is...). - Expresión de posesión en primeira e terceira persoa (I've got, He/She's got) e formulación da pregunta correspondente e resposta afirmativa e negativa (Have you got?, Yes, I have/No, I haven't, Has he/she got? Yes, he/she has, No, he/she hasn't). - Preguntas e respostas sobre os días da semana, meses e o tempo atmosférico (What day is it today?, It's, What's the weather like today?, It's, What month are you in?, I'm in). - Preguntas e respostas sobre obxectos do seu interese (Where's it?, It's in/on/under/next to). - Expresión de cantidade: contar desde 51 a 100. - Preguntas e respostas sinxelas sobre o prezo (How much is it?, It's). - Preguntas e respostas sinxelas sobre a cantidade de obxectos o persoas (How many... are there?). - Preguntas e respostas sobre o gusto en primeira persoa (Do you like (cheese)?, Yes, I do/ No, I don't). - Expresión do gusto en primeira persoa en afirmativa e negativa (I like (salad), I don't like (chips)). - Realización de preguntas e respostas sobre</p>	<p>- Worksheets para ler e responder acerca da colocación de obxectos.</p> <p>- Exercicios de manipulación de obxectos con respecto a outros e falar da súa posición.</p> <p>- Actividades indagatorias orais coa estrutura dos verbos like, prefer, love, hate.</p> <p>- Exercicios orais e por escrito no Activity e no pc empregando o verbo can+play.</p> <p>- Exercicios orais e por escrito acerca da roupa que levan posta eles mesmos e os compañeiros.</p> <p>-Descricións de compañeiros/personaxes</p> <p>-Práctica de expresión de posesión en primeira (I've got..) e terceira persoa (She's/He's got..) e resposta afirmativa e negativa (Have you got?, Yes, I have/No, I haven't, Has he/she got? Yes, he/she has, No, he/she hasn't).</p> <p>Práctica de expresión de cantidade: contar desde 0 a 100.</p> <p>-Práctica de preguntas e respostas sinxelas sobre o prezo (How much is it?, It's _ €. (</p> <p>- Práctica de preguntas e respostas sinxelas sobre a cantidade de obxectos o persoas (How many... are there?).</p> <p>-Actividades de seguemento de instrucións</p> <p>-Actividades de redacción de preguntas e busca de respostas referentes a: obxectos, números, cantidade,</p>
--	--	--	--

		<p>habildade (Can you (swim)?, Yes, I can;, No I can't). - Expresión de habilidades en afirmativo e negativo (I can (play tennis), I can't (play golf). - Identificación das pezas de roupa (I'm wearing, he/she's wearing). - Preguntas e respostas sobre a vestimenta (What's she/he wearing?, Who's wearing (shoes)?). - Expresión de desexos (I want to (make a cake). - Preguntas sobre o desexo (Do you want to (play basketball?)). - Expresión de instrucións (Touch your (legs), listen, please...). - Realización de preguntas e respostas (What's this?, It's...). - Preguntas e respostas sobre petición e axuda (Can I have (pasta), please?). B5.4. Léxico oral de alta frecuencia (recepción e produción) relativo a posesións persoais, a cores, números ata o 100, preposicións, días da semana, roupa, materiais e escolares, roupa, adxectivos para describir persoas, partes do corpo e a cara, deportes, equipamento deportivo, actividades ao aire libre, comida, moedas, estado e sentimentos, tempo atmosférico, días da semana, meses, accións, materiais, animais salvaxes, partes do corpo e da cara, e partes da casa.</p>	<p>gusto, habilidade, sentimentos, - Traballar as normas de comportamento e as expresións máis empregadas para o discorrer diario da clase: Can I go to the bathroom, please?, Can I borrow...? Have you got a...? I don't understand, etc. - Actividades que recollan a avaliación da frecuencia de uso do inglés entre o alumnado - Role plays que permitan simular situacións imaxinarias onde practicar o inglés: in a city, outdoor activities, reciclaxe, comida, tecnoloxía, actividades dunha representación (a show).</p>
--	--	---	---

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE

AREA	EA	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB1.1. Comprende o sentido xeral e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá.	- Observación sistemática do alumno/a: anotacións no caderno de clase dun rexistro dos resultados das actividades realizadas na aula
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB1.2. Comprende os puntos principais de narracións e presentacións breves e sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese, que conteñen con imaxes e ilustracións que clarifiquen o seu significado.	-Preguntas orais, conversación e probas escritas.
PRIMEIRA	PLEB1.3. Entende o que se lle di en situacións comunicativas habituais	-Preguntas orais, conversación e probas escritas.

LINGUA ESTRANXEIRA	sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).	-Observación directa. Diario de clase.
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB1.4. Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas e conversas breves nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet.	- Observación sistemática. - Exercicios TIC.
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB1.5. Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).	- Seguimento diario mediante a observación sistemática e anotacións no diario de aula.
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB1.6. Valora as interaccións orais entre iguais como medio de aprendizaxe compartido.	- Seguimento diario mediante a observación sistemática e anotacións no diario de aula.
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a e aos demais cunha pronuncia e entoación comprensibles.	- Probas orais - Observación sistemática e anotacións no diario de aula
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta.	- Observación sistemática - Probas orais
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.	- Probas orais - Rexistros de participación
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB2.5. Amosa interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros/as.	- Observación e rexistro da actitude amosada na aula cara aos seus compañeiros/as
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB3.1. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.	- Worksheets - Traballo no AB -Projects -Tests
PRIMEIRA LINGUA	PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual redundante e identifica os e as personaxes	- Preguntas de comprensión oral

ESTRANXEIRA	principais.	
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB3.3. Amosa interese pola lectura nunha lingua estranxeira.	- Observación e rexistro da actitude amosada na aula
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB3.4. Emprega algunhas estratexias básicas para a comprensión lectora.	- Observación e rexistro en diarios de aula.
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLB3.5. Iníciase na selección de contos ou narracións da biblioteca de aula para a súa lectura guiada e respectando as súas normas de funcionamento.	- Observación e rexistro da actitude amosada na aula
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLB3.6. Amosa interese por informase, comunicarse e aprender a través dos textos escritos.	- Observación e rexistro da actitude amosada na aula
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB4.1. Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.	- Exercicios en distintos formatos
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB4.2. Escribe conversas sinxelas seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida.	- Exercicios en distintos formatos
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB4.3. Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura e cos seus intereses.	- Exercicios en distintos formatos
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB4.4. Completa un formulario en liña con seus datos e dos e das demais (nome, apelido e idade...).	- Exercicios on line
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB4.5. Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto ou un lugar, de que cor é un obxecto, que hora é, cales son os seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar.	- Preguntas orais e rexistro no diario de aula - Exercicios en distintos formatos - Worksheets - Tests
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB4.6. Escribe en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata de xeito elemental.	- Mini-proxectos
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB4.7. Presenta os seus textos de forma coidada, ordenada e cunha caligrafía axeitada para a súa idade.	- Observación diaria na aula e rexistro de resultados
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB4.8. Valora a lingua escrita como medio de comunicación.	- Observación e rexistro da actitude amosada na aula

PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.1. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, actividades, favoritas e gustos) sobre si mesmo e sobre os demais.	- Exercicios e xogos orais entre iguais (diálogos) - Observación sistémica
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.2. Utiliza as rutinas de saúdo e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas (hello, goodbye, see you...).	- Observación sistemática
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.3. Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples con imaxes ilustrativas.	- Probas con flashcards e wordcards
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.4. Expresa e identifica a localización básica de obxectos.	- Preguntas orais -Exercicios en distintos formatos
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.5. Expresa e identifica de xeito elemental os seus desexos.	- Exercicios en distintos formatos -Preguntas orais sobre os seus desexos
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.6. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos.	- Worksheets -Tests -Mini-projects
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.7. Diferenza preguntas e respostas simples.	- Exercicios en distintos formatos - Observación diaria e sistemática con anotacións no diario de aula
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.8. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións mais habituais.	- Observación diaria e sistemática con anotacións no diario de aula
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.9. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados e dramatizacións etc.	- Observación diaria e sistemática con anotacións no diario de aula
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.10. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos sinxelos adecuados á súa idade e escribir con léxico traballado previamente de forma oral.	- Observación diaria e sistemática con anotacións no diario de aula - Exercicios en distintos formatos
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.11. Participa de forma activa, cooperadora e respectuosa en intercambios lingüísticos en situacións rutineiras reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais.	- Observación diaria e sistemática con anotacións no diario de aula
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.12. Valora a realidade plurilingüe da súa propia contorna.	- Observación diaria e sistemática con anotacións no diario de aula
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.13. Aмосa interese por coñecer persoas que falan outras linguas e teñen outras culturas.	- Observación diaria e sistemática con anotacións no diario de aula
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.15. Relaciona elementos socioculturais estranxeiros cos propios para avanzar no desenvolvemento dunha conciencia intercultural.	- Observación diaria e sistemática con anotacións no diario de aula - Exercicios en distintos formatos

METODOLOXÍA PARA A ENSIANZA DA LINGUA ESTRANXEIRA :INGLÉS

O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos; centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ao alumnado. O alumno pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ao que aprende.

A aprendizaxe a nivel de competencias persegue o desenvolvemento de cada alumno, das súas capacidades, preparar o alumnado para que poida afrontar os retos persoais. Non só terán que adquirir uns coñecementos, senón que deberán ser capaces de acceder a eles e aplicarlos nos diferentes contextos da súa vida e contextualizalos. As distintas actividades que se propoñen na aula están encamiñadas a lograr que o alumno adquira ferramentas que o fagan ser cada vez máis autónomo, por exemplo a través da avaliación persoal do seu propio traballo ou do uso de elementos extralingüísticos para tratar de acceder ao significado dos contidos que non lle son familiares.

As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe; por iso é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e mesmo os efectos sonoros das gravacións. To do isto axuda a que o alumnado se sinta relaxado e adopte unha actitude positiva e atenta ante os contidos presentados.

Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes; por iso o noso proxecto está deseñado para ser utilizado con flexibilidade de modo que todos os integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros, e do progreso que logran día a día. Para emendar estas posibles situacións inclúense actividades tanto de ampliación, para os máis avanzados, como de reforzo, para os que poidan estancarse nalgún momento.

A aprendizaxe dos nenos é maior e de máis calidade se se basea na actividade participativa, o que se consegue a través dos exercicios que propón a profesora que carácter activo e reflexivo promovendo e potenciando estratexias de comunicación e aprendizaxe.

Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe. O erro acontece como unha evidencia do dinamismo subxacente da comprensión e do dominio progresivo do novo sistema comunicativo. É necesario e a súa corrección de maneira axeitada e que axude a reflexionar non so a quen comete o erro, se non a todo o grupo, axudará ao alumnado a darse conta de cómo funciona a lingua.

Respetarase o “Silent Period”, intentando que o/a alumno/a colla confianza en sí mesmo/a e interactúe a nivel oral.

A avaliación do proceso individual e grupal dos alumnos na aprendizaxe é un factor importante para asegurar a calidade da aprendizaxe; mediante tests e worksheets que permite ao profesor anotar as observacións referentes ao progreso de cada alumno/a

A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos por iso se tende a ofrecer actividades interrelacionadas coas outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento do mesmo neno e a continuación coa exploración do mundo que os rodea; a súa casa, o seu colexio, o seu medio e a súa sociedade en xeral. Este desenvolvemento reflíctese nos temas de cada unidade, que se relacionan coas demais áreas do Currículo: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Educación Artística, Matemáticas, Educación Física, etc.

Faremos uso do programa Kahoot como recurso incentivador para reforzar os contidos

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN NA LINGUA ESTRANXEIRA : INGLÉS

O proceso avaliativo lévase a cabo en todos os niveis. Os instrumentos axéitanse aos estándares de aprendizaxe a aos mínimos establecidos para cada curso. Nos cuadros anteriormente presentados xa están establecidos os conceptos en canto aos criterios de avaliación. Mediante estes instrumentos debemos decidir se cada alumno acadará a pontualidade que se espera del dentro desta área en todos os niveis: oral, escrito e atitudinal. A avaliación así plantexada cumpre unha función formativa, indicando ao mestre se todo marcha ben, ou se polo contrario debe aplicar mecanismos correctores para as insuficiencias dos/as alumnos/as, ou para a súa propia metodoloxía. Comeza no principio do proceso de aprendizaxe e remata no momento da avaliación final ou sumativa, na que se valoran os resultados conquistados polo/a alumno/a en relación coas capacidades indicadas nos obxectivos xerais.

Parte da avaliación ten tamén en conta actitudes e valores cara a lingua estranxeira e tamén entre os propios alumnos e a mestra, formando así unha valoración global do alumno.

Dado que os instrumentos de avaliación, deben ser variados, e achegar información o máis concreta e completa posible, na área de Lingua inglesa empregamos os seguintes procedementos e instrumentos:

-Técnicas de observación sistemática do alumno/a: asistencia diaria, participación na clase, realización das tarefas indicadas, comportamento, coidado dos materiais propios e da aula, interese, destrezas e habilidades que amosa...

-Probas obxectivas (*teóricas e prácticas*) relativas aos contidos traballados na clase, para observar cal é o grao de coñecementos que acadou o alumno/a. Estas probas valoraranse coas actividades de *listening, reading, speaking* e *writing*, revisión de cadernos, traballos en equipo, comportamento e autoavaliación.

Todos estes procedementos e probas nos proporcionan a información que teremos en conta para avaliar a consecución dos mínimos esixibles por parte de cada alumno, sempre adaptándonos a cada un e tendo feito o necesario para resolver posibles desfases na consecución dos mínimos.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A programación didáctica de lingua inglesa está dividida en unidades didácticas que se desenvolven seguindo o libro de texto e as achegas consideradas necesarias a través de fichas de traballo e proxectos.

CRITERIOS	DESCRIPCIÓN	PORCENTAJE	
Autoavaliación	Sabe valorarse ante o traballo realizado nas probas obxectivas.	5%	100%
Exame	“Listening and speaking”. (Escoitar e falar) “Reading and writing”. (Lectura e escritura)	60%	
Observación directa	Valoración do traballo e esforzo diario así como da participación na aula como elemento dinamizador da mesma coas achegas pertinentes.	5%	
Projects	Elabora coa información pertinente proxectos íntegros en lingua inglesa con presentación coidada e emprego axeitado do aprendido.	15%	
Convivencia	Respecta as normas básicas de convivencia para o desenvolvemento da clase, trae o material e tarefas solicitadas.	15%	

En función deste criterios estableceremos a cualificación de cada alumno/a, que tal e como se establece na Orde será: **IN, SU, BE, NT, SB.**



HEROES 4

Programación

Lingua Estranxeira (inglés)

Etapa Primaria: Curso 4º

CURSO: 2020-21



- 1. Introducción**
- 2. Obxectivos de Etapa**
- 3. Contidos, Criterios de Avaliación e Estándares de Aprendizaxe.**
- 4. Metodoloxía**
- 5. Avaliación**
 - a) Obxectivos, Contidos, Criterios de Avaliación, Estándares de Aprendizaxe e Mínimos Esixibles.
 - b) Instrumentos de Avaliación
 - c) Tipos de Avaliación
 - d) Criterios de Cualificación e Promoción
 - e) Temporalización
 - f) Programas de Reforzo e Ampliación (Actividades de Atención á Diversidade)
 - g) Avaliación do Proceso de Ensino e Aprendizaxe
 - h) Avaliación da Programación Didáctica
- 6. Medidas de Atención ao Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo**
- 7. Fomento da Lectura**
- 8. Contidos Inter-Curriculares (CLIL)**
- 9. Contidos de Tratamento Transversal**
- 10. Utilización das Tecnoloxías de Información e a Comunicación**
- 11. Metodoloxía, Actividades e Avaliación en caso de clases Semipresenciais ou Online**



1. INTRODUCCIÓN

1.A) XUSTIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN.

O proceso de progresiva globalización no que, desde a segunda metade do século XX, atópase inmerso o noso mundo, fai que sexa cada vez máis necesario facer fronte aos novos retos que se derivan da paulatina desaparición das fronteiras que tradicionalmente se establecían entre países no plano económico, político, cultural e social. Neste sentido, resulta evidente que desde as idades máis temperás a educación debe ter entre un dos seus principais obxectivos o de dotar aos cidadáns de instrumentos útiles para desenvolver competencias que lles permitan adaptarse adecuadamente a unha nova sociedade cada vez máis interdependiente e global.

A aprendizaxe de linguas estranxeiras cobra unha especial relevancia neste plano, xa que a capacidade de comunicación é o primeiro requisito que ha de cumprir o individuo para desenvolverse nun contexto crecientemente pluricultural e plurilingüe. Así o recoñeceron todos os gobernos da Unión Europea, que ao longo dos últimos anos programaron diversas actuacións comunitarias en materia de educación co obxectivo último de facer posible que cada cidadán posúa un coñecemento práctico de polo menos dous idiomas ademais da súa lingua materna, e así o reflectiu tamén a normativa española, a cal, en consonancia con isto, outorga á capacitación para a comunicación nunha ou máis linguas estranxeiras un lugar destacado entre os fins a cuxa consecución está orientado o noso actual sistema educativo.

Neste curso 21/22 hai matriculados 25 `alumn@s`.



2. OBXECTIVOS DA ETAPA

A Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.
- e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e castelá e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir en, polo menos unha lingua estranxeira, a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, as Ciencias Sociais, a Xeografía, a Historia e a Cultura.



- i) Inicialse na utilización, para a aprendizaxe, das Tecnoloxías da Información e a Comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

3. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

A) OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS E ESTÁNDARES ESPECÍFICOS DE 4º DE PRIMARIA¹. **MÍNIMOS ESIXIDOS**

¹ Na "**Programación Didáctica**" deste mesmo título inclúense exemplos específicos de Contidos, Criterios de Avaliación e Estándares de aprendizaxe en cada unidade.



ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS		CURSO	CUARTO		
Objectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Min	Compet.	Actividades a desenvolver
BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS						
B F	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Estratexias de comprensión: <ul style="list-style-type: none"> - Uso progresivo do contexto visual e non verbal e dos coñecementos previos, transferidos desde as linguas que coñece a lingua estranxeira, para a formulación de hipóteses sobre o que se vai escoitar, sobre o tema ou a situación. - Interpretación das ideas principais expresadas en mensaxes orais de progresiva complexidade, como instrucións ou explicacións e interaccións orais ou gravacións en soporte audiovisual e informático para extraer información global e dalgun detalle concreto. - Recoñecemento de léxico, formas e estruturas básicas orais propias da lingua estranxeira, para expresar funcións previamente utilizadas. - Asociación de palabras e expresións con elementos paraverbais (entonación, pausas, énfases...) e non verbais (expresión facial, xestos...). - Seguimento verbal e non verbal de mensaxes orais (instrucións e peticións) de progresiva complexidade en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula. - Repetición, memorización comprensiva e observación de modelos correspondentes a rimas, cancións, dramatizacións... para a adquisición do léxico e expresións cotiás da lingua estranxeira. - Desenvolvemento de actitudes e estratexias de cooperación e respecto en situacións de aprendizaxe compartida que faciliten interaccións orais en grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso cotiá con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos presentes nas situacións comunicativas e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias, articulados con claridade e lentamente, transmitidos de viva voz ou por a través de recursos multimedia que non distorsionen a mensaxe. ▪ B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e a información máis importante do texto. ▪ B1.3. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entonación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.1. Comprende o sentido global e a información máis importantes de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá procedentes de medios audiovisuais ou da Internet adecuados a súa idade. 	X	CCL	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Escoitar varios tipos de textos para entender o sentido xeral, deducindo a información máis importante, a través de preguntas de comprensión, identificación de viñetas, etc. ▪ Identificar o vocabulario propio do tema con ou sen apoio visual.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.2. Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (contos, cancións e conversas) sobre temas familiares ou do seu interese e expresados con claridade e que contén con apoio visual. 	X	CCL	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Escoitar e comprender pequenas narracións, historietas e conversas que veñen acompañadas de ilustracións. ▪ Escoitar e comprender cancións. ▪ Escoitar e comprende chants e rimas. ▪ Recoñecer palabras e expresións xa traballadas nestas cancións, chants, rimas, narracións... ▪ Recoñecer información verdadeira ou falsa.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.3. Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que tratan sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet. 	X	CCL CAA	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Responder fisicamente a ordes dadas na aula. ▪ Seguir instrucións orais básicas. ▪ Escoita e comprender conversas sinxelas participando axeitadamente nelas se fose o caso. ▪ Respostar axeitadamente a preguntas sobre temas xa dados.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.4. Escoita atentamente en interaccións cara a cara, sen interromper. 	X	CCL CSC	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Participar, en parellas ou gran grupo, en conversacións e dramatizacións, sobre temas e tópicos xa presentados na clase e empregando estruturas xa traballadas. 			



	<p>segundo modelos pautados, para a realización de tarefas na aula.</p> <ul style="list-style-type: none"> B1.2. Padróns sonoros, rítmicos e de entoación: identificación progresiva de aspectos fonéticos, do ritmo e da entoación da lingua estranxeira como aspectos fundamentais para a comprensión de breves textos orais a través do xogo e da expresión corporal e musical. 		<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.5. Interese e respecto polas intervencións orais ailleas en prol de mellora da súa pronuncia, entoación e acentuación. 	X	CCL CSC	<ul style="list-style-type: none"> Acepta normas de convivencia e de escoita activa e respectuosa. Escoitar atentamente distintos tipos de textos orais fixándose especialmente nos aspectos de entoación e pronuncia.
BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS						
B C I	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> Planificación: <ul style="list-style-type: none"> Concibir a mensaxe con claridade e practicalo varias veces. Execución: <ul style="list-style-type: none"> Expressar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos. Apoiarse nos coñecementos previos para participar activamente en situacións funcionais de comunicación, seguindo modelos, adecuadas á idade do alumnado e aos seus intereses... Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos non verbais (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal). Recoñecer e usar progresivamente léxico, formas e estruturas básicas orais moi breves propias da lingua estranxeira, para expresar funcións previamente traballadas. Participar en interaccións orais en situacións reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais. Producir textos orais cotiás de índole diversa tendo en conta tanto elementos lingüísticos como extralingüísticos: utilizar xestos ou recorrer a imaxes para axudar na comprensión de producións orais. Participar activamente en intercambios lingüísticos orais sinxelos, previamente traballados en grupo, para expresar as necesidades de comunicación máis inmediatas. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Interactuar en situacións reais ou simuladas sinxelas de comunicación sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, usando expresións e frases coñecidas e de uso frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or/then). B2.2. Participar de forma activa e cooperativa en situacións funcionais de comunicación que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou temas do seu interese cunha pronuncia axeitada e empregando as convencións propias do proceso comunicativo. B2.3. Valorar as linguas estranxeiras como instrumento de comunicación. B2.4. Producir padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario. 	<ul style="list-style-type: none"> PLEB2.1. Participa en situacións reais ou simuladas de comunicación breves e elementais, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensibles. 	X	CCL CSC	<ul style="list-style-type: none"> Interactuar en conversas sinxelas cos seus compañeiros/as e profesores sobre temas que se están a traballar na aula, usando vocabulario e estruturas xa presentadas. Repetir chants, rimas e cancións seguindo uns padróns de entoación e cunha pronuncia axeitada. Facer presentacións orais sobre temas traballados, seguindo un esquema e patrón xa coñecidos.
			<ul style="list-style-type: none"> PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás. 		CCL	<ul style="list-style-type: none"> Interactuar cos compañeiros e profesor/a en conversas que requiran facer preguntas e respostas sobre temas que se están a traballar. Facer preguntas e respostas sobre un texto escoitado previamente.
			<ul style="list-style-type: none"> PLEB2.3. Amona unha actitude de escoita atenta. 	X	CSC	<ul style="list-style-type: none"> Practicar hábitos de escoita atenta. Escoitar con atención e interese as intervencións dos seus compañeiros/as, as dos profesores e todas as actividades de audicións programadas para as clases.
			<ul style="list-style-type: none"> PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas telefónicas ou dramatizacións). 	X	CCL CSC	<ul style="list-style-type: none"> Repetir cancións, rimas e chants axeitadamente. Participar en conversas. Representar pequenas historietas e dramatizacións interactuando cos seus compañeiros e compañeiras.



	<ul style="list-style-type: none"> – Empregar a lingua estranxeira en situacións variadas de comunicación. ▪ B2.2. Padróns sonoros, rítmicos e de entoación: <ul style="list-style-type: none"> – Uso axeitado dos sons propios da lingua estranxeira: pronuncia de palabras e frases cotiás de forma comprensible. – Iniciación ás normas que regulan a interacción oral (xuegas de palabra, volume de voz e ritmo axeitado). – Dominio moi progresivo de aspectos fonéticos básicos, de ritmo e entoación para a produción de textos breves orais a través do xogo e da expresión corporal e musical. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.5. Manifesta interese e respecto polas opinións dos seus compañeiros/as. 	X	CSC	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Escouitar atentamente as intervencións dos seus compañeiros sen interromper en ningún momento. ▪ Preguntar e responder axeitamente sobre o escoitado.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.8. Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas. 	X	CCL CSC	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Expresar sentimentos e opinións sobre temas traballados na aula.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.9. Domina progresivamente aspectos fonéticos, do ritmo, de acentuación e de entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais. 		CCL	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Repetir e imitar modelos (cancións, rimas, chants...) traballando os aspectos fonéticos, rítmicos e a entoación con e sen apoio xestual. ▪ Participar en dramatizacións, diálogos, ler historias en grupos.
BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS						
B F	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Estratexias de comprensión: <ul style="list-style-type: none"> – Activación dos coñecementos previos en relación á tipoloxía e tema do texto que se vai traballar. – Identificar elementos icónicos, títulos e facer unha primeira anticipación sobre o contido de textos escritos sinxelos adaptados á súa idade. – Identificación de palabras clave do texto, relacionadas cos e coas personaxes e o contexto a través da linguaxe non verbal ou co apoio de ilustracións. – Identificación de textos sinxelos: regras de xogos, algunhas instrucións, carteis da aula... – Recoñecer o léxico, formas e estruturas básicas escritas propias da lingua estranxeira, para expresar funcións previamente utilizadas. – Captación da idea global e identificación de elementos máis relevantes en textos escritos situacións cotiás próximas á experiencia como invitacións, felicitacións, notas, avisos, folletos..., con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas máis importantes en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado, e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital. ▪ B3.2. Coñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos. ▪ B3.3. Discriminar padróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresen pausas, exclamacións e interrogacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.1. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. 	X	CCL	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Ler atentamente os enunciados das actividades a realizar . ▪ Ler e comprender cuestionarios. ▪ Comprender a información dun poster, slogan... ▪ Comprender as instrucións para completar as fichas de autoavaliación. ▪ Ler comprensivamente a información que aparece en carteis publicitarios, etiquetas de roupa,... presentes na súa contorna.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.2. Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo acompañado de apoio visual, acorde a súa idade procedente dos medios de comunicación adaptados a súa competencia lingüística. 	X	CCL	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Escoller a idea principal dun texto entre varias posibles. ▪ Responder a preguntas de comprensión do texto. ▪ Responder a preguntas de verdadeiro ou falso. ▪ Facer debuxos que resuman a idea principal dunha lectura. ▪ Expresar oralmente esa idea principal.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.3. Amosa interese pola lectura nunha lingua estranxeira. 	X	CCL CAA	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Ler contos e historias axeitados á súa idade . ▪ Participar en lecturas colectivas



<ul style="list-style-type: none"> - Lectura guiada e comprensión de diferentes textos sinxelos, en soporte papel e dixital, adaptados á competencia lingüística do alumnado, para utilizar información global e específica, no desenvolvemento dunha tarefa, proxecto ou para gozar da lectura. - Iniciación no uso do dicionario bilingüe e das tecnoloxías da información e da comunicación para ler (web, programas multimedia e correo electrónico). ▪ B3.2. Padróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais: <ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento dos signos de puntuación elementais. - Asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos, expresións orais coñecidas e establecemento de relacións analíticas grafíson. - Recoñecemento de símbolos de uso frecuente: €, £ @. 					guiadas, en distintos soportes.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLB3.4. Seleccións contos, narracións ou outro material escrito da biblioteca de aula para a súa lectura autónoma acordada a súa idade e intereses. 			CCL CSIEE	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Escoller libros da biblioteca de aula para a súa lectura. ▪ Coñecer as normas de funcionamento da biblioteca de aula: colocación, orde e coidado do material.....e poñelas en práctica. ▪ Participar en actividades de animación á lectura (dramatizacións, xogos, cancións...) ▪ Completar fichas de lectura (título do libro, autor,.....)
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLB3.5. Iníciase progresivamente no uso autónomo de estratexias de comprensión lectora. 	X		CCL CAA	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Predicir de que trata a lectura, cal pode ser o final. ▪ Dicir a idea principal. Nomear as personaxes. ▪ Sinalar verdadeiro ou falso. ▪ Ler ,sinalar e rodear cun círculo. ▪ Inventar de forma sinxela un final diferente. ▪ Dar opinións acerca do leído (se lle gustou, personaxe preferido, describiu....)
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLB3.6. Formule hipóteses sobre o texto a partir de elementos icónicos e títulos que o acompañan, e compróbeas. 	X		CCL CSIEE	<ul style="list-style-type: none"> ▪ A partir das ilustracións poñer título a unha historia. ▪ Dadas unhas viñetas contar sinxelamente unha historia. ▪ Inventar varios títulos e predicir finais.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.7. Valora a lingua escrita como medio de comunicación. 			CCL CAA	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Ler invitacións, notas, felicitacións, avisos. ▪ Ler distintas opinións acerca dun tema xa traballado. ▪ Seleccionar algunha lectura que lle guste e falar dela aos seus compañeiros/as.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.9. Amona interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos. 	X		CCL CSIEE	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Navegar en Internet co seu profesor ou profesora buscando información. ▪ Ler narracións, historietas e contos. ▪ Buscar información en distintos tipos de textos presentados en distintos soportes para a realización de pequenos traballos que o requiran. 	



BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

B F I	<ul style="list-style-type: none"> • B4.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> - Planificación: <ul style="list-style-type: none"> - Seleccionar o tipo de texto que se vai producir: conto, notas, dramatizacións ... - Iniciarase no uso do dicionario bilingüe e outros materiais de consulta en soporte papel ou dixital adecuados á idade do alumnado. - Execución: <ul style="list-style-type: none"> - Producir a mensaxe escrita con claridade, utilizando expresións e frases coñecidas. - Compensar as carencias léxicas mediante o uso do dicionario visual do alumnado e de materias audiovisuais e multimedia para reproducir mensaxes escritas sinxelas. - Apoiarse nas palabras e frases coñecidas previamente en interaccións orais e de lectura. - Seleccionar e empregar o léxico adecuado ao tema e usar algún recurso cohesivo para non repetir palabras. - Reelaborar informacións en ficheiros, libríños... textos escritos, moi breves e pechados, afíns aos seus intereses, cunha intención comunicativa. - Reproducir a forma gráfica de certas palabras en situacións comunicativas, sen modelos dados, a través de hipóteses ou tratando de recordar a súa forma. - Compoñer a partir de modelos, diferentes textos sinxelos, utilizando expresións e frases coñecidas oralmente, para transmitir información. - Utilizar a lingua estranxeira en mensaxes escritas como recordatorio visual e para á aprendizaxe de novas palabras e expresións (carteis para identificar os obxectos e os espazos da aula, calendario, normas de xogos, cartafol colectivo...). - Iniciarase no uso das tecnoloxías de 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.1. Escribir textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles. • B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos. • B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable. • B4.8. Iniciarase no uso das ferramentas informáticas para completar actividades preelaboradas polo persoal docente. 	<ul style="list-style-type: none"> • PLEB4.1. Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral. 	X	CCL	<ul style="list-style-type: none"> • Escribir frases sinxelas sobre temas da vida diaria xa traballados na aula oralmente: rutinas, descripcións de si mesmos ou de compañeiros/as, de obxectos coñecidos ou de animais, gustos e preferencias, etc.
			<ul style="list-style-type: none"> • PLEB4.2. Escribe conversas sinxelas, seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida. 		CCL	<ul style="list-style-type: none"> • Completar conversas sinxelas con frases xa dadas e con axuda de ilustracións. • Reproducir conversas seguindo un modelo xa dado e con estruturas coñecidas traballadas na aula. • Ordear un diálogo. Escotar e comprobar. Escribir outro similar.
			<ul style="list-style-type: none"> • PLEB4.3. Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura propios de situacións de relación interpersonal (invitacións, notas e avisos). 	X	CCL	<ul style="list-style-type: none"> • Escribir redaccións e textos sinxelos sobre temas traballados e con vocabulario coñecido. • Elaborar descripcións usando vocabulario coñecido. • Ordenar textos sinxelos. • Completar frases e textos. • Escribir unha carta a un amigo ou amiga, aos reis magos..., unha invitación de cumpleaños...etc.
			<ul style="list-style-type: none"> • PLEB4.4. Completa un formulario en liña cos seus datos persoais e dos e das demais (Nome, apelido, idade...). 		CCL	<ul style="list-style-type: none"> • Completar táboas. • Completar un formulario cos seus datos persoais. • Completar unha enquisa con datos persoais básicos sobre si mesmos ou sobre os amigos/as.
			<ul style="list-style-type: none"> • PLEB4.5. Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto ou un lugar, de que cor é un obxecto, que hora é, cales son os seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar. 	X	CCL	<ul style="list-style-type: none"> • Ler e escribir respostas curtas, partindo de modelos. • Responder a preguntas partindo de ilustracións. • Relacionar preguntas e respostas.



	<p>información e a comunicación para producir textos e presentacións, recompilar e transmitir información.</p> <ul style="list-style-type: none"> B4.2. Padróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais: <ul style="list-style-type: none"> - Uso dos signos de puntuación máis básicos. - Uso de símbolos de uso frecuente: €, £. - Asociación de grafa, pronuncia e significado a partir de modelos escritos, expresións orais coñecidas e establecemento de relacións grafífonas. 		<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.6. Escríbe correspondencia persoal simple en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata. PLEB4.7. Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado. PLEB4.8. Utiliza de xeito guiado as TIC para a produción de textos sinxelos. PLEB4.9. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc. PLEB4.10. Amosa interese por utilizar a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica. 		<p>CCL</p> <p>CCL CD CSC</p> <p>CCL CD</p> <p>CAA CSIEE</p> <p>CCL CAA</p>	<ul style="list-style-type: none"> Escribir cartas, e-mails sinxelos para establecer contacto con un amigo/a imaxinario falando de si mesmo e da súa contorna. Redactar descripcións de si mesmo, dun animal ou dunha cousa; escribir felicitacións, cartas...etc partindo de modelos dados de xeito individual ou en parellas. Escribir e-mails a un amigo/a falando de si mesmo ou da súa contorna, utilizando de xeito guiado as novas tecnoloxías. Practicar hábitos de limpeza e orde na presentación dos seus traballos. Usar códigos e estruturas axeitadas aos diferentes tipos e texto. Completar fichas de revisión e autocorrección do propio traballo atendendo ás normas gramaticais e ortográficas que coñece.
BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL						
